

RESOLUCIÓN DE ALCALDÍA.**ASUNTO: NOMEAMENTO DE TRES PEÓNS FORESTAIS COMO PERSOAL LABORAL TEMPORAL, A XORNADA COMPLETA, PARA A O SERVIZO DE LIMPEZA DE MONTES DO CONCELLO DE SOBRADO (APROL RURAL 2025).****EXPEDIENTE ORIXE: 2025/E001/000002. EXPEDIENTE DECRETO: 2025/G003/000303.**

A Orde do 5 de marzo de 2025 (DOG núm. 50 do 13/03/2025) da Consellería de Promoción do Emprego, Comercio me Emigración establece as bases que regulan as axudas e subvencións para o fomento do emprego no medio rural (Aprol rural) e se procede a súa convocatoria para o ano 2025.

Ao abeiro de dita convocatoria, o Concello de Sobrado solicitou subvención para a contratación de tres peóns/peoas por un período de 9 meses, para a realización do servizo denominado Servizo de limpeza de montes do Concello de Sobrado, ditando resolución a Xefatura Territorial da Coruña da Consellería de Emprego e Igualdade, o 15/05/2025 coa autorización e concesión de subvención por importe de 49.806,00 € para a contratación de tres peóns/peoas.

Por resolución de alcaldía núm 243/2025 do 04/06/2025 aprobouse a convocatoria e as bases para a contratación laboral de tres peóns/peoas para realizar dito servizo, e por resolución de alcaldía núm. 269/2025 do 19/06/2025 apróbase a listaxe definitiva de admitidos, nomeamento do tribunal, lugar e data de celebración das probas.

O tribunal cualificador, ao abeiro dos resultados obtidos polos aspirantes no proceso selectivo segundo a acta de data 23/06/2025, propón os nomeamentos como peóns forestais para o Servizo de limpeza de montes do Concello de Sobrado (Aprol Rural 2025) a:

- D. José Manuel Abad Abad, con DNI ***8317**.
- D. Jesús González Seoane, con DNI ***1467**.
- D. Juan Antonio Souto Lea, con DNI ***8600**.

Transcorrido o prazo de alegacións establecido nas bases da convocatoria e sen ter recibido ningunha, os resultados elévanse a definitivos.

Os seleccionados presentaron correctamente a documentación requirida de conformidade coa base sétima da convocatoria co rexistro de entrada núm. 202500000000986, 202500000000988, 025000000000990, do 26/06/25.

Por todo o anterior, de conformidade co disposto nos artigos 103 e seguintes da Lei 7/1985, de 2 abril, de Bases de Réxime Local, e no uso das atribucións que me outorga o artigo 21 da dita lei, **RESOLVO:**

PRIMEIRO.- Aprobar os resultados definitivos do proceso selectivo para a contratación laboral temporal, dun/ha peón/peoa forestal para o servizo de Limpeza de montes do concello de Sobrado (Aprol Rural 2024) mediante concurso-oposición.

APELIDOS E NOME	DNI	PUNTUACIÓ N
Abad Abad José Manuel	***8317**	9,6
González Seoane Jesús	***1467**	8,6
Souto Lea Juan Antonio	***8600**	8,2

SEGUNDO.- Proceder a contratación de José Manuel Abad Abad con DNI ***8317**, Jesús González Seoane con DNI ***1467**, e Juan Antonio Souto Lea con DNI ***8600**, como peóns forestais deste concello, a xornada completa, dende o 01/07/2025 ata o 31/03/2026.

TERCEIRO.- Dar conta da presente resolución aos interesados e ao departamento de persoal aos efectos oportunos.

CUARTO.- Dar publicidade da presente resolución no taboleiro electrónico de anuncios do concello.

Mándao e asíno, o Sr. alcalde en Sobrado, na data da sinatura electrónica ao marxe, asinando eu, como secretaria-interventora, aos efectos exclusivos de transcripción ao Libro de decretos como garantía da súa autenticidade e integridade e para dar cumprimento ao establecido no artigo 2.1 do Decreto 24/2018, de 15 de febreiro, sobre os libros de actas e resolucións das entidades locais galegas.

O alcalde

A secretaria-interventora

Luís Lisardo Santos Ares

Alejandra D. Fandiño Sánchez